

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 3 DE MAIO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:


ACTA.- Apróbese a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 24 de abril de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a desestimación de recurso potestativo de reposición interposto contra o acordo de denegación de licenza para o parcelamento da parcela 69, polígono 501, situada dentro do solo clasificado como núcleo rural, número 13.3 do PXOU, denominado Poutomillos, parroquia do Burgo.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para demolición de estrutura e reforma de edificio existente destinado ao apoio da implantación dun centro de cultivo de produtos de horticultura, sementes, plantas ornamentais e produtos fitosanitarios e forestais, no solo clasificado no Plan Xeral de Ordenación Urbana como solo rústico, en Santiago de Piúgos; para instalación dunha plataforma metálica sobre tellado, para acceso a antena de recepción de televisión con licenza número 785/2000, no edificio situado no solo clasificado como urbano, na praza Viana do Castelo, número 5; para instalación de ascensor para comunicar a planta baixa e entresollado no edificio sito en solo urbano na rúa Mar Cantábrico, número 16; para reforma de planta baixa e entresollado existente para desvinculación do entresollado, no edificio con licenza de obra número 232/77, sito en solo urbano, na rúa Santiago, números 98-100; para a construción de muro de contención para consolidación de bancal e peche de predio, non alterando a rasante natural do terreo con movemento de terras, en solo clasificado como rústico, nos Prateiros- San Fiz de Muxa; para construción de vivenda unifamiliar no ámbito do núcleo rural 22.2 de Cumbraos, parroquia de Cuíña e para cambio de uso de local de oficinas a unha vivenda na planta primeira, porta C, do edificio construído coas licenzas números 55/98, 373/01 e 75/02, sito en solo urbano na rúa Pintor Laxeiro, número 1.

Código Seguro de verificación:11Njs6LdNzwpTsrpNwruEA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	08/05/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	11Njs6LdNzwpTsrpNwruEA==	PÁGINA	1/3
				
11Njs6LdNzwpTsrpNwruEA==				

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal de Arquitectura e a da aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Desestimar o recurso de reposición presentado contra a valoración efectuada pola mesa de contratación no procedemento de contratación do servizo de mantemento do equipamento informático dos postos de traballo do Concello de Lugo.

Acórdase a incoación de expediente de incautación de garantía por incumprimento da obriga contractual de monetarización do 2% do imposto de valor engadido na contratación das obras de construción dun edificio dotacional destinado a Policía local e Protección civil.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da prestación do servizo educativo e de comedor e limpeza nas escolas infantís municipais Luís Soto Menor (San Fiz) e Piringalla e a apertura do procedemento de adxudicación.


Así mesmo, acórdase a resolución por mutuo acordo entre a compañía e o Concello de Lugo na contratación do seguro de asistencia sanitaria para os empregados públicos e outros do Excmo. Concello de Lugo.

Acórdase a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación das obras de rexeneración de firmes na estrada de Argonde a Vilachá 2013 e a apertura do procedemento de adxudicación.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto, a adxudicación por procedemento negociado na contratación das obras de rexeneración de pavimento na estrada de Orbazai (Tramo Igrexa San Lázaro- Ponte do Río Mera) e a apertura do procedemento de adxudicación.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

Código Seguro de verificación:11Njs6LdNzwpTsrpNwruEA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	08/05/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	11Njs6LdNzwpTsrpNwruEA==	PÁGINA	2/3
				
11Njs6LdNzwpTsrpNwruEA==				

- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto contratación dun Servizo de atención ao público no Centro de Interpretación da Muralla, Museo Interactivo da Historia de Lugo e Xacemento Arqueolóxico "Domus dos Mosaicos" dependentes do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.

Código Seguro de verificación:11Njs6LdNzwpTsrpNwruEA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	08/05/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	11Njs6LdNzwpTsrpNwruEA==	PÁGINA	3/3



11Njs6LdNzwpTsrpNwruEA==